

## GUÍA DE SOLICITUDE DO PERMISO DE VERTECURA

---



# GUÍA DE SOLICITUDE DO PERMISO DE VERTEDEDURA

---

1. INTRODUCCIÓN .....	3
1.1. Quen ten que solicitar o permiso de vertedura? .....	3
1.2. Por que hai que solicitar o permiso de vertedura? .....	3
2. COMO SOLICITAR O PERMISO DE VERTEDEDURA? .....	4
2.1 Verteduras de augas residuais asimilables a domésticas.....	4
2.2 Verteduras de augas residuais NON asimilables a domésticas .....	4
2.2.1 PROXECTO TÉCNICO PARA A SOLICITUDE DO PERMISO DE VERTEDEDURA.....	5
3.A QUEN PODO PREGUNTAR? .....	10

# 1. INTRODUCCIÓN

---

Esta é unha guía práctica para a solicitude do permiso de vertedura coa que se pretende facilitar a tramitación administrativa do dito permiso.

## 1.1. Quen ten que solicitar o permiso de vertedura?

De acordo co Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, aprobado polo Decreto 141/2012, están obrigados a obter o permiso de vertedura os seguintes usuarios e usuarias da rede de saneamento:

- aqueles cuxa actividade estea comprendida nos seguintes epígrafes do CNAE-2009:

USUARIO	CNAE	ACTIVIDADE
NON DOMÉSTICO	B	INDUSTRIAS EXTRACTIVAS
	C	INDUSTRIA MANUFACTUREIRA
	D	SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO
	E	SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN
	F	CONSTRUCCIÓN

- Aqueles usuarios que cumpran:

USUARIO	ACTIVIDADE
NON DOMÉSTICO	VOLUME DE VERTEDEIRA SUPERIOR A 2.000 METROS CÚBICOS ANUAIS
NON DOMÉSTICO	VOLUME DE VERTEDEIRA INFERIOR A 2.000 METROS CÚBICOS ANUAIS PERO QUE ORIXINEN CONTAMINACIÓN ESPECIAL

## 1.2. Por que hai que solicitar o permiso de vertedura?

Tal e como se establece no apartado anterior, obter o permiso de vertedura é unha obriga normativa para determinados usuarios. Ademais, os requirimentos impostos nos permisos de vertedura teñen como finalidade que todas as verteduras que desembocan na Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) se adapten ao seu deseño e así poder cumprir a súa finalidade de preservar o medio natural.

A explotación e o mantemento dunha estación depuradora costeámola todos os usuarios da auga, así que se un usuario non se axusta aos límites de vertedura, o resto dos usuarios estamos a pagar unha parte que non nos correspondería.

Ademais, as verteduras incontroladas causan un impacto no medio ambiente, non só no intre no que se producen, senón tamén a medio e longo prazo, e afectan a outras actividades económicas coma o marisqueo e o turismo.

## 2. COMO SOLICITAR O PERMISO DE VERTEDEURA?

---

As persoas usuarias da rede de saneamento que deban obter o permiso de vertedura, deben solicitálo na entidade xestora correspondente que é habitualmente o concello no que se desenvolve a actividade do solicitante.

Distínguense dous casos posibles:

- Augas residuais asimilables a domésticas
- Augas residuais NON asimilables a domésticas

**Que é un auga asimilable a doméstica?** Son as augas fecais e grises que se poden atopar á saída de calquera vivenda, por exemplo as da saída do inodoro, vestiarios, duchas, lavadoras, etc.

Calquera auga cunha composición diferente á indicada considérase como **NON** asimilable a doméstica.

### 2.1 Verteduras de augas residuais asimilables a domésticas

Neste caso só é necesaria a presentación do:

- **Formulario de solicitude do permiso de vertedura.** Formulario que tamén se achega ao final desta guía e que do mesmo modo está dispoñible para a súa descarga no enderezo web:  
<http://www.mancomunidadedosalnes.com>

A declaración de caudais pode realizarse segundo o que se describe no seguinte apartado para os usuarios non domésticos (*INFORMACIÓN RELATIVA A CAUDAIS XERADOS*).

Ademáis deberá incluírse una caracterización do efluente mediante una toma de mostra e a súa **análise por parte dun laboratorio acreditado**. A mostraxe debe facerse un día representativo de produción. En xeral, os envases para a toma de mostrax serán preferiblemente depolietileno de alta densidade (HDPE), e conservaranse segundo as normas establecidas. Para as mostrax de graxas e aceites son preferibles os de vidro (*CARACTERIZACIÓN ANALÍTICA DA AUGA RESIDUA*).

### 2.2 Verteduras de augas residuais NON asimilables a domésticas

Neste caso cómpre achegar, como mínimo, a seguinte documentación:

- **Formulario de solicitude do permiso de vertedura.** Formulario que tamén se achega ao final desta guía e que do mesmo modo está dispoñible para a súa descarga no enderezo web:  
<http://www.mancomunidadedosalnes.com>

Os datos que se deben achegar no formulario son os mesmos que no caso das verteduras asimilables a domésticas.

- **Proxecto técnico**

## 2.2.1 PROXECTO TÉCNICO PARA A SOLICITUDE DO PERMISO DE VERTEDEURA

Xunto coa solicitude entregárase un proxecto técnico que inclúa os seguintes apartados:

APARTADO	DESCRIPCIÓN
ANTECEDENTES	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxecto: obtención do permiso de vertedura ou a súa revisión.</li> <li>- Características da localización e localización da actividade.</li> <li>- Punto de conexión ao sistema con coordenadas UTM.</li> </ul>
MEMORIA DESCRIPTIVA	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Datos de produción: actividade desenvolvida, materias primas utilizadas e produtos resultantes expresados en tm/ano.</li> <li>- Procesos industriais.</li> <li>- Balance de augas: fontes de abastecemento, título da concesión, volume abastecido e a súa distribución no proceso industrial, volume de vertedura.</li> <li>- Características do efluente: análise de cada punto de vertedura.</li> </ul>

O proceso produtivo do usuario xera un efluente de auga residual que en función das súas características pode ser autorizado para verterse directamente á rede de saneamento, ou ben, requirir un proceso de tratamento previo co fin de adecualo aos límites de vertedura do sistema de saneamento.

Por estas razóns o usuario que solicita o permiso de vertedura presentará cando menos a seguinte información en relación ás características do efluente:

INFORMACIÓN RELATIVA A CAUDAIS XERADOS		
CARACTERÍSTICA DA VERTEDEURA	VALOR MEDIDO	UNIDADES
CAUDAIS XERADOS <i>(Entregarase os históricos de caudais nos casos nos que se dispoña deles e contrastaranse cos actuais)</i>	Caudal medio anual	m <sup>3</sup> /ano
	Caudal máximo diario	m <sup>3</sup> /hora
	Caudal medio diario	m <sup>3</sup> /hora
	Caudal punta horario	m <sup>3</sup> /h
RÉXIMES HORARIOS DE XERACIÓN	Réxime horario de xeración das augas residuais	Valor puntual en m <sup>3</sup> /h desde as 0:00-23:59 h
	Réxime horario de vertedura do efluente	Valor puntual en m <sup>3</sup> /h desde as 0:00-23:59 h
	Valores máximos	m <sup>3</sup> /h

- **Que facer se non se dispón de dispositivos de medición?**

No caso de non ter contadores ou caudalímetros que existan a vertedura, poderase estimar polo caudal de auga potable subministrado. Se se empregase auga de captacións propias, empregaranse as horas de bombeo e capacidade das bombas. Se non se tratase de ningún dos casos anteriores, no apartado final desta guía figura un listado de a quen se lle pode dirixir a consulta.

- **En que se diferencia o réxime de xeración de augas residuais e o réxime de vertedura?**

Nos casos en que haxa depósitos de acumulación, a auga residual pódese estar xerando nun período concreto, pero non ser vertida ata un tempo despois. É importante facilitar ambos os intervalos de tempo.

- **Cantos datos de caudal hai que facilitar?**

Como mínimo serán os dun ano. É importante engadir os horarios de xeración: días da semana, estacións de maior produción, variacións de caudal dentro do día (baldeos, baleirados de liñas de proceso, etc.).

- **Ademais será necesario caracterizar o efluente nos seus aspectos físico-químicos** mediante a toma de mostras e a súa **análise por parte dun laboratorio acreditado**. A mostraxe debe facerse un día representativo de produción. En xeral, os envases para a toma de mostras serán preferiblemente de polietileno de alta densidade (HDPE), e conservaranse segundo as normas establecidas. Para as mostras de graxas e aceites son preferibles os de vidro.

CARACTERIZACIÓN ANALÍTICA DA AUGA RESIDUAL		
PARÁMETROS DO EFLUENTE	UNIDADES	VALOR
pH	-	
Conductividade	μS/cm	
DBO <sub>5</sub>	mg/l	
DQO	mg/l	
Sólidos en suspensión	mg/l	
Aceites e graxas	mg/l	
Nitróxeno TOTAL	mg/l	
Fósforo TOTAL	mg/l	
OUTROS: O Concello e/ou Augas de Galicia poderán solicitar a realización de análises doutros parámetros se así o considerasen necesario para a correcta caracterización do efluente.		

No caso de dispor dun histórico de analíticas, incluíranse ademais os valores medios, máximos e mínimos para os diferentes parámetros.

Débase definir co máximo detalle, no caso de que existan, as posibles conexións do punto de vertedura coa rede de saneamento, os sistemas de medición de caudal e a instrumentación que estea instalada no punto de vertedura. Por iso o usuario debe incluír na súa documentación a descrición de:

CARACTERÍSTICAS DO PUNTO DE VERTEDURA E A SÚA CONEXIÓN CO SISTEMA DE SANEAMENTO		
<input type="checkbox"/> EXISTE ARQUETA CONTROL	<input type="checkbox"/> EXISTE UNHA ÚNICA CONEXIÓN Á REDE	<input type="checkbox"/> EXISTE UN CAUDALÍMETRO DE MEDIDA
<input type="checkbox"/> NON EXISTE ARQUETA CONTROL	<input type="checkbox"/> EXISTE MAIS DE UNHA CONEXIÓN Á REDE	<input type="checkbox"/> NON EXISTE CAUDALÍMETRO DE MEDIDA
COORDENADAS UTM ETRS89, FUSO 29N DO PUNTO DE VERTEDURA:		
COORDENADAS UTM X:		COORDENADAS UTM Y:
COORDENADAS UTM ETRS 89, FUSO 29N DA ARQUETA DE TOMA DE MOSTRAS:		
COORDENADAS UTM X:		COORDENADAS UTM Y:

CONEXIÓN OU SISTEMA DE MEDICIÓN	CARACTERÍSTICA
ARQUETA DE CONTROL	Dimensións e volume
	Materiais de execución
	Estado de conservación
	Plano de implantación
	Dimensións e volume
	Outras características relevantes
MEDIDORES DE CAUDAL	Marca e modelo do caudalímetro
	Especificacións técnicas e características máis importantes
	Estado de funcionamento e calibración
	Plano de implantación
OUTRA INSTRUMENTACIÓN	Marca e modelo da instrumentación
	Especificacións técnicas e características máis importantes
	Estado de funcionamento e calibración
	Plano de implantación

O usuario deberá entregar coa súa solicitude documentación sobre o estado actual e/ou futuro das instalacións existentes para a xestión e tratamento de augas, en caso de ser necesarias para cumprir os límites de vertedura, tanto de augas residuais de proceso, como de augas fecais e pluviais, achegando como mínimo información sobre:

INSTALACIÓNS EXISTENTES	DESCRICIÓN	
TRATAMENTO DAS AUGAS RESIDUAIS DE PROCESO	<input type="checkbox"/> Existencia (ou non) dun tratamento depurativo	
	Tipo de operación	<input type="checkbox"/> Tanques pulmón ou almacenamento
		<input type="checkbox"/> Pretratamento
		<input type="checkbox"/> Tratamento primario
		<input type="checkbox"/> Tratamento secundario
		<input type="checkbox"/> Tratamento terciario
	Xestión de residuos	<input type="checkbox"/> Desbastes e sólidos grosos
		<input type="checkbox"/> Sólidos finos e areas
		<input type="checkbox"/> Aceites e graxas
		<input type="checkbox"/> Lodos
<input type="checkbox"/> Outros residuos		
TRATAMENTO DAS AUGAS FECAIS	<input type="checkbox"/> Descrición da conexión á rede de saneamento e características	
TRATAMENTO DAS AUGAS PLUVIAIS	<input type="checkbox"/> Rede separativa de augas pluviais - residuais	
	<input type="checkbox"/> Existencia dun tratamento depurativo para as pluviais	
	<input type="checkbox"/> Tratamento depurativo	
	<input type="checkbox"/> Destino e punto de vertedura	
OUTROS SISTEMAS DE TRATAMENTO IMPLANTADOS	<input type="checkbox"/> Sistemas de almacenamento para evitar verteduras en caso de accidente	
	<input type="checkbox"/> Outros sistemas de prevención de accidentes	

**A descrición das instalacións deberá incluír planos descritivos dos elementos existentes**, incluíndo como mínimo planos da rede de recollida e canalización de augas pluviais e das instalacións de tratamento.

Ademáis, en caso de ser necesario un sistema de tratamento das augas residuais de proceso, incluírase **un informe explicativo do sistema de tratamento existente**.

Este documento deberá definir sucintamente as etapas e operacións unitarias do proceso depurativo, os equipos dos que dispoña, ademáis de definir a instrumentación, alarmas e sistema de control existentes.

De maneira habitual, a maior parte dos tratamentos de augas residuais pódense estruturar nas seguintes operacións de tratamento ou etapas:

ETAPA/OPERACIÓN	DESCRICIÓN E INFORMACIÓN
TANQUE DE ALMACENAMENTO	Dimensións e volume do tanque; materiais
	Sistemas de axitación: potencia; velocidade de axitación; materiais e dimensións
	Bombeos: caudal e altura; potencia; materiais e dimensións
PRETRATAMENTO	Reixas de grosos: altura e anchura; luz de paso; potencia; sistema de extracción de residuos; materiais e acabados
	Reixa de finos: altura e anchura; luz de paso; potencia; sistema de extracción de residuos; materiais e acabados
	Desareador-desengraxador: dimensións; axitación e aireación; sistema de extracción de areas; sistema de extracción de graxas
TRATAMENTO PRIMARIO	Decantación; flotación
	Dimensións e volume; materiais e acabados
	Equipos instalados; potencias; materiais e acabados
TRATAMENTO SECUNDARIO	Biolóxico; físico-químico; membranas; outros procesos avanzados
	Dimensións e volume; materiais e acabados
	Equipos de aireación e axitación; bombeos intermedios
	Recirculación de lodos
TRATAMENTO TERCARIO	Desinfección; filtración
	Dimensións e volume; materiais e acabados
	Equipos instalados; potencias; materiais e acabados
TRATAMENTO DE LODOS	Sistemas de espesado: dimensións e volumes
	Equipos instalados; potencias; materiais e acabados
	Sistemas de deshidratación
	Equipos instalados; potencias; materiais e acabados



O solicitante do permiso de vertedura deberá informar á entidade xestora das **cantidades de residuos xeradas** durante o seu proceso de depuración, expresadas en toneladas ou metros cúbicos, e estarán codificados segundo a Lista Europea de Residuos publicada pola orde MAM/304/2002.

COD. LER	DESCRICIÓN	Cantidade estimada	
		t	m <sup>3</sup>
19	Residuos das instalacións para o tratamento de residuos das plantas externas de tratamento de augas residuais e da preparación de auga para o consumo humano e de auga para uso industrial		
19 08 01	Residuos de cribado		
19 08 02	Residuos de desareado		
19 08 05	Lodos do tratamento de augas residuais urbanas		
19 08 09	Mesturas de graxas e aceites procedentes da separación de auga/substancias aceitosas, que só conteñen aceites e graxas comestibles		
-	Outros residuos		

Ademais deberá entregar á entidade xestora a seguinte información:

- Datos dos sistemas de almacenamento temporal dos residuos.
- Nome/razón social do xestor autorizado para os residuos.
- Planos e/ou esquemas das instalacións previstas para o almacenamento, manexo, separación e outras operacións a realizar cos residuos xerados.

A solicitude de permiso de vertedura incluírá una **proposta de seguimento e control de calidade** do efluente, no que se defina os puntos de mostraxe, a frecuencia e os parámetros a analizar.

### 3. A QUEN PODO PREGUNTAR?

---

Calquera usuario que teña dúbidas acerca da documentación que se debe presentar para obter a solicitude de permiso de vertedura poderá resolvela por calquera dos seguintes medios:

- Teléfono/móbil: **886 03 91 77 – 657 78 38 32**
- Enderezo electrónico: [controlvertidos@osalnes.com](mailto:controlvertidos@osalnes.com)
- Páxina web: <https://mancomunidadedosalnes.com/>
- Na oficina de atención ao público do da oficina de control da calidade da auga e xestión de vertidos sita en: Camiño da Calzada s/n, Cambados.